

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR NO PAZO DE RAXOI
O DÍA 15 DE OUTUBRO DE 2009,
BAIXO A PRESIDENCIA DO
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

PROXECTOS DE LEI

CONSELLERÍA DE FACENDA

- Proxecto de Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2010

CONSELLERÍA DO MAR

- Proxecto de lei de modificación da Lei 11/2008, do 3 de decembro, de pesca de Galicia

ACORDOS

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

- Acordo polo que se aproba a colaboración técnica e financeira da Xunta de Galicia cos concellos de Ames e Brión e polo que se autoriza a aprobación do gasto para a execución das obras de abastecemento en Ames e Brión (1ª fase). Ames e Brión (A Coruña), clave OH.215.799, por importe de seis millóns cincocentos cincuenta e cinco mil cento corenta e seis euros e setenta e tres céntimos (6.555.146,73€)

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

- Acordo polo que se autoriza a sinatura da addenda ao convenio de colaboración entre o Ministerio de Educación e a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Comunidade Autónoma de Galicia, para a mellora das bibliotecas escolares. Ano 2009

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Acordo de autorización para a aceptación da cesión dunha parcela de 1437,50 m², feita a título gratuito polo Concello de Oia (Pontevedra) a favor do Servizo Galego de Saúde, con destino á construción dun centro de saúde
- Acordo de autorización para a aceptación da cesión dunha parcela de 970 m², feita a título gratuito polo Concello de Pontedevea (Ourense) a favor do Servizo Galego de Saúde, con destino á construción dun centro de saúde

CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Cultura e Turismo, o Instituto de Turismo de España (Turespaña), o Concello de Vigo e a Federación Provincial de Hostalaría de Pontevedra, para o desenvolvemento do Plan de Competitividade Turística de Vigo, Turismo Urbano e de Ría, por un importe total de tres millóns novecientos mil euros (3.900.000,00 €)

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Acordo polo que se autoriza a Consellería do Medio Rural para a sinatura de convenios para a realización de obras de infraestrutura rural con diversos concellos, no marco do Programa Estratéxico de Infraestruturas no Medio Rural (PEIM RURAL –Ames, Valga), por importe de oito millóns oitocentos cincuenta e oito mil douscentos catorce euros con oitenta e oito céntimos (8.858.214,88 €)
- Acordo polo que se autoriza a Consellería do Medio Rural para a sinatura de convenios para a realización de obras de infraestrutura rural con diversos concellos (PIR-FP-Pantón-Sanxenxo), por un importe catrocentos setenta e dous mil oitocentos oito euros con trinta e oito céntimos (472.808, 38 €)

CONSELLERÍA DO MAR

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería do Mar da Xunta de Galicia e a Asociación de Produtores de Rodaballo OPP 59, para a promoción do rodaballo, por un importe de douscentos trinta e sete mil oitocentos euros (237.800,00 €)
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería do Mar da Xunta de Galicia e *Administración de Información e Comunicación Local, S.A. – Turismo Santiago*, para a potenciación, difusión e promoción dos sectores e produtos pesqueiros e acuícolas, por un importe de cento vinte mil euros (120.000, 00 €)

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio entre a Consellería do Mar da Xunta de Galicia e a sociedade Global Show Services S.L para a potenciación, difusión e promoción do sector acuícola, así como dos seus produtos

INFORMES

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Informe sobre a Sentenza do 28 de setembro de 2009, do Tribunal Constitucional, sobre o Real decreto 1916/2008, do 21 de novembro, polo que se regula a iniciativa de modernización de destinos turísticos maduros

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Informe sobre a creación da Escola Galega de Saúde para Cidadáns

A XUNTA APROBA UNS ORZAMENTOS PARA 2010 QUE PERMITIRÁN QUE GALICIA INICIE A SENDA DA RECUPERACIÓN ECONÓMICA

- *O Goberno galego destinará case 7 de cada 10 euros a gasto social, co que incrementará dous puntos o seu peso nas contas*
- *O Executivo aumentará un 1% os investimentos malia a caída dun 12% dos ingresos non financeiros*
- *Aposta por non subir a presión fiscal dos cidadáns e aproveitar o recurso á débeda para realizar investimentos produtivos*
- *As prioridades serán os servizos públicos, a recuperación económica e a converxencia e a competitividade*
- *A combinación de políticas baseadas na solidariedade e no investimento posibilitarán que Galicia volva ter un PIB positivo, do 0,2%, cinco décimas por riba da previsión do Estado*
- *Sanidade, Educación, Políticas Activas de Emprego, Economía do Coñecemento, Mobilidade e Infraestruturas, Cohesión e Benestar Social e Dinamización Económica serán os eixes dos orzamentos*
- *As contas reflicten un compromiso coa dependencia, con 74 millóns de euros máis, un 45% máis*
- *A Xunta tamén compensará con case 30 millóns de euros máis as universidades e con 20 os concellos*
- *O Xacobeo 2010 contará cunha partida específica de 42 millóns de euros e terá uns efectos na economía galega duns 200 millóns de euros.*

O Consello da Xunta aprobou hoxe o Proxecto de Lei de orzamentos da comunidade autónoma para o ano 2010, unhas contas que permitirán a Galicia iniciar a senda da recuperación económica e volver ter unha taxa positiva do PIB, que se estima no 0,2%, medio punto por riba da previsión do Goberno central para o conxunto de España.

O gasto non financeiro para o vindeiro ano ascenderá a 11.052,1 millóns de euros, un 3,3% menos que no exercicio de 2009. O Goberno galego destinará case 7 de cada 10 euros a gasto en sanidade, educación e servizos sociais, polo que o seu peso relativo gaña dous puntos.

As prioridades das contas autonómicas para o vindeiro ano serán uns servizos públicos próximos e eficientes, a recuperación económica e a converxencia e a competitividade, cunha combinación de políticas baseadas na solidariedade e no investimento que traerán como resultado que Galicia saia da recesión e volva ter crecemento.

Os orzamentos da Xunta para 2010 céntranse en sete eixes de actuación fundamentais en que se priorizará o gasto. Así, as partidas relativas a sanidade contarán en 2010 cun total de 3.728,3 millóns de euros; as de educación, con 2.367,2; as de políticas activas de emprego, con 386,8; as da economía do coñecemento, a 185,4; as de mobilidade e infraestruturas, con 503,3; as de cohesión e benestar social, con 577; e as de dinamización económica, con 745,3 millóns de euros.

Os investimentos soben un 1%

A pesar da caída dun 12% dos ingresos non financeiros, o capítulo VI de investimentos crecerá un 1% grazas ao recurso á débeda e a fórmulas de financiamento específicas, extraorzamentarias, que permitirán situar en 1.520 millóns de euros os investimentos reais.

O Executivo autonómico, ao contrario que o Goberno central, non subirá a presión fiscal dos cidadáns e apostará por aproveitar ao máximo a súa capacidade de endebedamento para poder financiar investimentos produtivos. Ademais, os gastos de funcionamento da administración autonómica baixarán un 20%.

A Xunta de Galicia tamén aposta, nun período de dificultades económicas, por un modelo baseado na economía do coñecemento e destina 49,8 millóns de euros a I+D+i, un 0,8% máis; 50,6 millóns de euros á sociedade do coñecemento, un 5,5% máis; e 46,8 millóns de euros a modernización, un 15,4% máis.

As contas autonómicas de 2010 reflicten un compromiso coa dependencia, que sumará 74 millóns de euros máis, un 45% máis que este ano, con incrementos interanuais do 52,1% en libranzas, do 11,9% en residencias, do 9% en centros de día e do 0,9% en axuda no fogar.

Este esforzo tamén se aprecia nas universidades e nos concellos. Así, as universidades galegas recibirán un financiamento adicional de 28,2 millóns de euros e os municipios unha partida adicional de 18,3 millóns de euros.

O Xacobeo será outra das prioridades dos orzamentos de 2010 e contará cunha partida específica de 42 millóns de euros, que será complementado con actuacións e recursos adicionais da maioría de consellerías da Xunta. O Goberno galego estima que os efectos do Ano Santo na economía galega rondarán os 200 millóns de euros.



O CONSELLO DA XUNTA APROBA O ANTEPROXECTO DA LEI DE PESCA

- *A Consellería do Mar espera dispor da nova lei no mes de decembro deste ano*
- *A nova normativa conta coa aprobación do sector a través do Consello Galego de Pesca*
- *O texto, que responde a un compromiso do novo Goberno, iniciará agora a súa tramitación parlamentaria*
- *O texto recupera o permex e o réxime xurídico das confrarías e modifica o cómputo do período concesional das bateas*

O Consello da Xunta deu luz verde hoxe ao anteproxecto de lei de modificación da Lei 11/2008, do 3 de decembro, de pesca de Galicia. O documento, que abarca a modificación de 82 aspectos do texto da normativa anterior, será enviado ao Parlamento para comezar a súa tramitación, e a Consellería do Mar confía en que a nova lei entre en vigor en decembro. Con este articulado, a Xunta cumpre co seu compromiso de elaborar unha nova lei que se adecúe ás demandas do sector pesqueiro, marisqueiro e acuícola e de acadar o seu apoio unánime e o seu consenso.

O obxectivo desta actuación, que responde a un compromiso do novo Goberno, é reformar a lei para dotala de operatividade, modernidade e firmeza e mellorar aqueles aspectos do articulado redactado polo anterior Executivo cos cales o sector estaba desconforme.

De cara a reformar o texto, a Consellería do Mar tivo en conta as alegacións e ditames do sector. Así, o pasado 4 de setembro o Consello Galego de Pesca (CGP), o órgano consultivo e asesor da Xunta nesta materia, aprobou o ditame do sector para a modificación da lei.

O novo regulamento mantén o réxime xurídico existente con anterioridade á promulgación da Lei 11/2008 a respecto das confrarías de pescadores. Do mesmo xeito, propón que o Servizo de Gardacostas e o Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño (INTECMAR) continúen tendo o seu propio marco xurídico, para evitar as complicacións e ineficiencias administrativas que suporía a súa extinción.

A futura normativa recupera o permiso de explotación (*permex*) como ferramenta que resulta imprescindible para poder mariscar e pescar. Os *permex* terán validez durante toda a vida útil da embarcación, sempre que esta reúna as condicións sobre navegabilidade, flotabilidade e seguridade e serán expedidos especificamente para artes ou zonas determinadas que poderán ser estacionalmente alternantes.

Outra das modificacións máis importantes que inclúe o articulado é a reforma do período concesional das bateas para garantirlle ao sector a continuidade da súa

actividade. En materia de acuicultura mariña, incorpora un novo procedemento para outorgar novas concesións no caso de extinción por vencemento do prazo, máis áxil e sinxelo e tamén presidido polos principios de obxectividade, publicidade e concorrencia.

Como novidade, a nova lei inclúe a creación dun comité científico galego como un órgano de consulta e asesoramento científico e técnico da Xunta de Galicia nos asuntos relacionados coa xestión dos recursos mariños.

Outra das novidades é a supresión da Axencia de Desenvolvemento Sustentable das Zonas de Pesca, prevista na lei e aínda non desenvolvida, xa que os seus fins poden ser acadados mediante a estrutura da Consellería do Mar, coordinando de forma directa e efectiva os seus propios recursos e as medidas e accións que se van desenvolver nas poboacións costeiras. Esta acción suporá un aforro de 700.000 euros anuais.

O texto plasma a obriga da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia de levar a cabo a defensa da frota galega cando faene en augas que non sexan da súa competencia, co fin de manter a súa actividade e o seu nivel de puxanza e achega ao cómputo pesqueiro galego.

Por último, regula con claridade as actuacións de modernización e reconversión da frota, e establécense, seguindo o criterio de equilibrio entre o eido ambiental, económico e social as medidas de adecuación da frota ao estado dos recursos.

A XUNTA CONSTRUIRÁ UNHA ESTACIÓN DE AUGA POTABLE E UN DEPÓSITO DE CABECEIRA PARA GARANTIR O ABASTECIMENTO DOS CONCELLOS DE AMES E BRIÓN

- *O investimento total supera os 8 millóns de euros, dos que a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas achega 6,5 millóns*
- *A Xunta financiará o 80% das obras, que achegarán capacidade para dar servizo a unha poboación de máis de 40.500 habitantes*
- *Este proxecto, que se levará a cabo en dúas fases, xorde a raíz dos problemas de abastecemento que sofren estes dous concellos polo incremento da poboación nos últimos anos*
- *Esta actuación dará solución tamén ás demandas que aparezan unha vez que estean rematados os dous futuros polígonos industriais: Ames-Brión e Perros*

O Consello da Xunta aprobou esta mañá a sinatura dun acordo polo que se aproba a colaboración técnico-financiera entre a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas e os concellos de Brión e Ames para executar as obras de abastecemento destes municipios, ás cales se destinarán máis de 8 millóns de euros, dos que máis de 6,5 os achegará o Goberno galego.

O departamento que dirixe Agustín Hernández financiará o 80% do custo das obras, que se dividirá en tres anualidades. Así, neste mesmo ano, a Consellería de Medio Ambiente achegará 100.000 euros, mentres que no exercicio do 2010, haberá un custo de 4.370.097,82 euros; para finalizar cun investimento de 2.085.048,91 euros no ano 2011. As actuacións executaranse nun período de 20 meses e, ao seu remate, darán servizo a máis de 40.500 habitantes.

Pola súa banda, o concello de Ames achegará o 10 % do orzamento e Brión o outro dez por cento, que significa a cantidade de 819.393,34 euros, que tamén se achegarán en tres anualidades.

Colaboración institucional

Estas obras responden á colaboración que establece a Consellería de Medio Ambiente coas entidades locais para o desenvolvemento de infraestruturas, debido a que os concellos teñen un orzamento insuficiente para financiarlas. Concretamente, este proxecto, que se levará a cabo en dúas fases, xorde a raíz dos problemas de abastecemento que sofren estes dous concellos coruñeses debido ao incremento da demanda nos últimos anos. Esta actuación dará solución tamén aos inconvenientes que aparezan unha vez que estean rematados os dous futuros polígonos industriais: Ames-Brión e Perros.

A obra acordada comprende a execución dunha estación de tratamento de auga potable (ETAP) de 175 litros/segundo, que se aloxará nunha edificación pechada no concello de Ames, preto da Ponte Maceira, capaz de acoller todos os equipamentos necesarios con vistas a unha ampliación ata 350 l/s na segunda fase. A captación faise no río Tambre e a estación consta dunha liña de auga con cloración ao Break Point, é dicir, coagulación-floculación, decantación, filtración, afino, desinfección final e depósito de regulación de 7.300 metros cúbicos, máis unha liña de deshidratación de fangos con espesador, centrifugado e contedor.

Levarase a cabo tamén a conexión á rede eléctrica e a mellora do camiño de acceso ao edificio. En relación co depósito de regulación, deséñase en formigón armado, máis unha cámara de claves pegadas ao depósito.

Pola súa banda, dende a ETAP o bombeo proxectado para o caudal de 350 l/s mandará auga dende o depósito de regulación a outro depósito de cabeceira na zona de Agrón, mediante unha impulsión en tubos de FD 500 de 5.176 metros de lonxitude.

O depósito de cabeceira de 10.000 metros cúbicos máis unha cámara de claves pegada ao depósito situaranse preto de Leboráns e conectaranse por gravidade cos depósitos xa existentes de Castiñeiro do Lobo e Brión. Tamén se prevé no proxecto a reposición dos pavimentos afectados polas obras.

O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA A AMPLIACIÓN DA COLABORACIÓN ENTRE O MINISTERIO DE EDUCACIÓN E A CONSELLERÍA PARA A MELLORA DAS BIBLIOTECAS ESCOLARES

- *En total os centros galegos recibirán 1.295.104 euros para incorporar novos recursos multimedia e fondos bibliográficos*
- *O programa dá prioridade este ano á dotación de centros que imparten ensinanzas a persoas adultas*

O Consello da Xunta autorizou hoxe a terceira addenda ao convenio de colaboración entre o Ministerio de Educación e a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria para a mellora das bibliotecas escolares, en virtude do acordo asinado o 22 de setembro de 2006.

Conforme esta addenda, a Consellería de Educación investirá ata o 31 de decembro de 2010 un total de 647.552 euros na mellora dos fondos e instalacións bibliotecarias, a mesma cantidade comprometida polo ministerio, que cofinancia as actuacións.

En total serán 1.295.104 euros os destinados ás melloras, 6.862 euros máis de orzamento ca no ano 2008. O programa de bibliotecas incidirá este ano de forma especial na mellora da dotación dos centros que imparten ensinanzas específicas a persoas adultas, tal e como acordou o Consello de Ministros.

Conexión á internet e atención específica

Coa renovación do convenio dáse continuidade á colaboración entre o ministerio e a consellería a prol da actualización e mellora das bibliotecas escolares dos centros públicos dos distintos niveis de ensino non universitario.

Neste sentido, as actuacións específicas centraranse en renovar as dotacións e fondos bibliográficos, con libros, revistas, documentación en soporte informático e recursos de audio e vídeo adecuados ás ensinanzas impartidas en cada centro e á idade do seu alumnado.

Por outra banda, esta liña de acción concede especial importancia a dotar as bibliotecas dos centros escolares de conexión á internet, ademais do pertinente material informático e multimedia que faciliten o acceso á documentación e a busca de información nas coleccións.

Para mellorar a atención nas bibliotecas fomentárase a adaptación das instalacións para que poidan ser utilizadas de modo independente ao resto do centro, fóra do

horario lectivo. Para isto, prevense ademais programas de formación do profesorado en xestión documental e bibliotecaria, así como a dotación específica de persoal para atender estes espazos.

O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE INVESTIRÁ AO REDOR DE 1,4 MILLÓNS DE EUROS PARA CONSTRUIR OS CENTROS DE SAÚDE DE OIA (PONTEVEDRA) E PONTEDEVA (OURENSE)

- *O Consello da Xunta autorizou os acordos da cesión gratuíta dos terreos por parte destes dous concellos*

O Consello da Xunta autorizou hoxe dous acordos para a aceptación da cesión de dúas parcelas a favor do Servizo Galego de Saúde para a construción de dous centros de saúde. A primeira, de 1.437,5 metros cadrados, será feita a título gratuíto polo Concello de Oia (Pontevedra), e a segunda, de 970 metros cadrados, será feita tamén a título gratuíto polo Concello de Pontedeва (Ourense).

O investimento total que o Servizo Galego de Saúde realizará nestas construcións situarase ao redor dos 1,4 millóns de euros, dos cales máis de 980.000 euros se destinarán ao centro de saúde de Oia e máis de 400.000 euros ao centro de saúde de Pontedeва.

O plan funcional do centro de saúde de Oia recolle dúas consultas de medicina xeral, unha de enfermaría, outra polivalente, unha sala para a atención á muller, unha consulta de pediatría e outra de enfermaría de pediatría. Tamén disporá dunha aula de formación para educación sanitaria, biblioteca/sala de xuntas e arquivo de historias clínicas, entre outras dependencias.

Polo que atinxe ao plan funcional do centro de saúde de Pontedeва, recolle unha consulta de medicina xeral, unha de enfermaría e unha sala para atención á muller. Tamén disporá de arquivo de historias clínicas e sala de xuntas/biblioteca, entre outras dependencias.

O CONSELLO DA XUNTA APROBA O CONVENIO DE COLABORACIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO DO PLAN DE COMPETITIVIDADE TURÍSTICA DE VIGO, TURISMO URBANO E DE RÍA POR UN IMPORTE TOTAL DE 3.900.000 EUROS

- *A Consellería de Cultura e Turismo, Turespaña, o Concello de Vigo e a Federación Provincial de Hostalaría de Pontevedra, asinarán este plan co obxectivo de acadar innovación, calidade, sustentabilidade e competitividade turística*
- *O Plan de Competitividade, enmarcado no Plan do Turismo Español 2020, recibirá a contía total da achega a través de tres prazos correspondentes aos tres anos da súa vixencia. Cada unha das administracións implicadas participa cun 33% do total do investimento*
- *A Consellería de Cultura e Turismo, a través da Secretaría Xeral para o Turismo, manifesta co seu apoio ao desenvolvemento deste plan a súa intención de apostar por Vigo como un destino turístico de primeira orde cun gran potencial no subsector do turismo urbano*

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura e Turismo, o Instituto de Turismo de España (Turespaña), o Concello de Vigo e a Federación Provincial de Hostalaría de Pontevedra para o desenvolvemento do Plan de Competitividade Turística de Vigo, Turismo Urbano e de Ría por un importe total de 3.900.000 euros.

En total, a Xunta de Galicia, Turespaña e o Concello de Vigo destinarán a mesma contía de 1.300.000 euros. De xeito detallado, a Xunta de Galicia achegará 300.000 euros no ano 2009, 500.000 euros no ano 2010 e 500.000 euros no ano 2011. Do mesmo xeito, Turespaña achegará ao convenio 758.145 euros no ano 2009, 400.000 euros no ano 2010 e 141.855 no ano 2011. En última instancia o Concello de Vigo achega 100.000 euros para 2009, 600.000 para 2010 e 600.000 para 2011. O Instituto de Turismo de España, ademais de achegar o montante correspondente, deberá xustificar documentalmente os seus fondos e presentar cada ano unha memoria xeral, informes de actuación, informes de prensa, informes do interventor e certificados sobre a realización das actuacións. No tocante á Consellería de Cultura e Turismo, esta deberá tamén xustificar documentalmente as súas achegas, presentar unha memoria xeral, un dossier de prensa e un certificado da realización das actuacións.

Para lograr unha boa execución do Plan de Competitividade créase unha comisión de seguimento sen personalidade xurídica, formada por representantes de Turespaña, da Secretaría Xeral para o Turismo, do Concello de Vigo e da Federación Provincial de Empresarios de Hostalaría de Pontevedra. A Comisión de Seguimento será a

encargada de funcións como a eliminación ou aprobación de novas actuacións, programación, resolución de problemas de interpretación do convenio ou autorizar e supervisar o labor da xerencia, dedicada a impulsar, difundir, coordinar e efectuar propostas sobre as actuacións do plan e solicitar a documentación para a xustificación das actuacións. O convenio asinado terá unha duración de tres anos e recolle a posibilidade de que a duración se poida estender ata o final das actuacións. O prazo para a execución e xustificación das actuacións de cada unha das anualidades do Plan será dun ano.

Este convenio entre as catro institucións, Consellería, Turespaña, Concello e Federación de Hostalaría de Pontevedra, ten como obxectivos aumentar a demanda e a internacionalización do turismo do destino Vigo, así como a consolidación do emprego nos servizos complementarios, a diminución da temporalidade e a mellora da calidade do emprego.

Para isto, todas as institucións xa comezaron co seu traballo para lograr os obxectivos en 2011. Turespaña traballou no desenvolvemento dos plans que promovan a innovación, a calidade, a sustentabilidade e a competitividade turística. A Consellería de Cultura e Turismo desenvolveu, segundo as súas competencias, diferentes actuacións coa finalidade de mellorar a situación turística da Comunidade Autónoma, e o Concello de Vigo elaborou xa diversos proxectos para a mellora turística do municipio en relación coas liñas estratéxicas e os programas da Secretaría de Estado de Turismo e da Consellería de Cultura e Turismo.

A Xunta de Galicia, a través da Consellería de Cultura e Turismo, apoia este convenio coa finalidade de mellorar a situación turística da comunidade autónoma, a través de diferentes actuacións como a promoción de plans, programas e normas para a modernización e adecuación da industria turística ás tendencias da demanda. Con este convenio a cidade de Vigo recibirá o impulso necesario para situar a cidade olívica como destino turístico de referencia en Galicia.

Plan de Competitividade Vigo: Turismo Urbano e de Ría

O Plan de Competitividade Turística de Vigo, Turismo Urbano e de Ría está encadrado no Plan do Turismo Español Horizonte 2020 e contempla actuacións en sete áreas: planificación, administración, calidade, mercadotecnia, comercialización, capital humano e integración de produto.

O Plan del Turismo Español Horizonte 2020 ten como obxectivo principal que no ano 2020 o sistema turístico español sexa o máis competitivo e sustentable, achegando o máximo benestar social. Este proxecto turístico busca revalorizar aqueles recursos que fomenten o equilibrio socioterritorial do turismo, creando novas categorías do produto capaces de operar todo o ano sobre a base da diferenciación e especialización dos destinos turísticos.

Vigo era a última das grandes cidades galegas que non contaba cun plan de desenvolvemento turístico. Os PCT son unha iniciativa da Secretaría Xeral de Turismo do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, que busca a implicación e colaboración das administracións a todos os niveis no desenvolvemento turístico dos territorios. A Consellería de Cultura e Turismo, a través da Secretaría Xeral para o Turismo, manifesta co seu apoio ao desenvolvemento deste plan a súa intención de apostar por Vigo como un destino turístico de primeira orde cun gran potencial no subsector do turismo urbano.

MEDIO RURAL DESTINA PRETO DE 9 MILLÓNS DE EUROS PARA O DESENVOLVEMENTO DAS ZONAS RURAIS

- *Esta cifra enmárcase no Programa estratéxico de infraestruturas no medio rural (PEIM RURAL), que ten por obxectivo dignificar e dinamizar as zonas do rural*

O Consello da Xunta autorizou na súa reunión desta mañá a sinatura de convenios para a realización de obras de infraestrutura rural con diversos concellos, no marco do Programa estratéxico de infraestruturas no medio rural (PEIM RURAL), dotado con 8.858.214,88 euros, e que se levará a cabo entre este ano 2009 (destinaranse 2.000.000 euros) e o seguinte 2010 (ano en que se investirán 6.858.214,88 euros).

A Consellería do Medio Rural, no marco das competencias que ten atribuídas para mellorar as infraestruturas rurais, pretende colaborar cun plan global de mellora das infraestruturas rurais. Este plan, denominado Programa estratéxico de infraestruturas no medio rural, ten por obxectivo dignificar e mellorar a calidade de vida da poboación que reside nestas zonas e contribuír a fixar poboación e proxectos de obras de infraestruturas de servizos básicos elementais, como o abastecemento de auga domiciliaria, saneamentos, camiños agrícolas e pistas rurais.

Cifras por provincias

Da cantidade total destinada a este proxecto -8.858.214,88 euros-, correspóndense á provincia da Coruña 2.547.194,33 euros; á de Pontevedra 2.155.497,22 euros; á de Ourense 2.032.066,02 euros e Lugo 2.123.457,31 euros, todos eles destinados á dinamización do medio rural co fin de mellorar a calidade de vida nestas zonas.

MEDIO RURAL ASINA CONVENIOS PARA A REALIZACIÓN DE OBRAS PÚBLICAS NAS ZONAS RURAIS CO FIN DE MELLORAR A SÚA CALIDADE DE VIDA

- *O importe orzamentario para a realización destas obras ascende a un total de 472.808,38 euros*
- *A execución das ditas obras contará coa colaboración das corporacións locais*

O Consello da Xunta autorizou na súa reunión desta mañá a sinatura de convenios para a realización de obras de infraestrutura rural con diversos concellos de Lugo, Ourense e Pontevedra. O importe total da aplicación orzamentaria para a realización destas obras ascende a 472.808,38 euros.

O importe total da execución das ditas obras públicas, en réxime de cooperación coas corporacións locais, está repartido por provincias atendendo ao número de concellos que solicitaron estas axudas. Esta é unha primeira fase de investimentos que levará a cabo a Consellería do Medio Rural, cunha continuación nos vindeiros Consellos da Xunta, conforme os concellos en que se vaia actuar, vaian remitindo os compromisos dos convenios.

A Consellería do Medio Rural, a través da Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural, ten como obxectivo directo a mellora da calidade de vida das zonas rurais, desenvolvendo as dotacións de equipamentos públicos básicos e de infraestruturas no medio rural co obxectivo de dignificar e mellorar a calidade de vida da poboación que reside nestas zonas. Preténdese contribuír á estabilización e á realización de proxectos de obras para a dotación de servizos básicos elementais nestas zonas; así como daqueles proxectos singulares que, pola súa natureza, estean dentro da competencia desta consellería.

A XUNTA DESTINARÁ MÁIS DE 230.000 EUROS Á PROMOCIÓN DO RODABALLO

- *A Consellería do Mar asinará un convenio de colaboración coa Asociación de Produtores de Rodaballo OPP 59, composta nun 75% de empresas galegas*
- *O obxectivo do acordo é impulsar o consumo deste peixe e incrementar a súa competitividade*
- *Farano a través de diferentes accións promocionais dirixidas aos consumidores para aumentar a cota de mercado deste produto*

O Consello da Xunta aprobou hoxe a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería do Mar e a Asociación de Produtores de Rodaballo OPP 59 para promocionar o rodaballo de crianza, impulsar o seu consumo e incrementar así a súa competitividade. Para este fin, a Consellería do Mar destinará 237.800 euros.

Esta colaboración da Xunta cos produtores de rodaballo nace ante a continua baixada dos prezos de venda do rodaballo, dun 35% aproximadamente nos dous últimos anos. A isto súmase o aumento sostido do volume de produto no mercado debido á existencia de novas plantas de produción.

De aí que a Consellería do Mar vexa na difusión deste produto unha aposta importante e que axude a Asociación de Produtores de Rodaballo OPP 59. Así, esta organización, composta nun 75 por cento por empresas galegas, desenvolverá diferentes accións promocionais dirixidas aos consumidores para recuperar os prezos e aumentar a cota de mercado do rodaballo cultivado.

Esta acción sitúase dentro dos eixes de acción da Consellería do Mar para potenciar o consumo de produtos pesqueiros.

A XUNTA POTENCIARÁ A COMERCIALIZACIÓN DOS PRODUTOS PESQUEIROS GALEGOS NO FÓRUM GASTRONÓMICO SANTIAGO 2010

- *A Consellería do Mar alcanzará, a través dun convenio, 120.000 euros á empresa organizadora do Fórum Gastronómico Santiago 2010*
- *O convenio permitirá un maior coñecemento do sector pesqueiro en Galicia impulsándoo como marco creador de emprego*
- *O acordo constitúe un investimento de interese público, social e económico, xa que esta edición da feira se celebra no marco do Xacobeo 2010*

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería do Mar e a empresa Información e Comunicación Local, S.A.-Turismo Santiago (INCOLSA), organizadora do Fórum Gastronómico Santiago 2010. O obxectivo do convenio é a potenciación e difusión do sector acuícola así coma dos seus produtos, e a promoción e comercialización dos produtos pesqueiros en mercados interiores e exteriores. Unha acción para a cal a Consellería do Mar destinará 120.000 euros, distribuídos en dúas anualidades.

O escaparate que fará posible este fin será o Fórum Gastronómico Santiago 2010, que se celebrará na capital compostelá do 20 ao 24 de febreiro de 2010. Así mesmo, esta feira, punto de encontro para os responsables da restauración e empresas do sector agroalimentario, constitúe unha grande oportunidade para acadar unha maior conciencia sobre o mundo do mar e para potencialo como marco creador de emprego.

Entre as accións que financia este convenio destacan a difusión do Fórum Gastronómico a través de material informativo que promove o consumo de produtos do mar; a inclusión de dous obradoiros de produtos pesqueiros na programación do Fórum e a dinamización de asistencia do público. Estas iniciativas representan un investimento de interese público, social e económico, xa que esta edición da feira, de referencia nacional e internacional, se celebra no contexto do Xacobeo 2010.

A XUNTA POTENCIA A ACUICULTURA COA COLABORACIÓN EN ACUI 2010

- *A Consellería do Mar asina un convenio coa empresa organizadora do evento*
- *O convenio entre a Consellería do Mar e Global Show Services S.L servirá para a potenciación e difusión dos produtos galegos na Feira Internacional de Acuicultura*
- *A Feira ACUI, que se celebrará en marzo de 2010, é unha oportunidade para a promoción internacional dos produtos da pesca e da acuicultura*

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dun convenio entre a Consellería do Mar e a empresa Global Show Services S.L para a potenciación, difusión e promoción do sector acuícola así como dos seus produtos, co fin de intensificar o coñecemento destes e incrementar así a súa competitividade.

As accións obxecto deste convenio enmárcanse na celebración de ACUI 2010, a Feira Internacional de Acuicultura que se celebrará en Vilagarcía de Arousa durante os días 2, 3 e 4 de marzo de 2010 e da que Global Show Services S.L é a empresa promotora. A feira é un punto de encontro nacional e internacional, obrigado para a acuicultura, polo que a Consellería do Mar colaborará coa citada empresa para promocionar e potenciar a comercialización dos produtos pesqueiros de cara aos mercados interiores e exteriores.

Así, neste acordo recóllense actuacións como o espazo *Restauración & Acuicultura*, onde restauradores significados realizarán propostas e maridaxes con produtos do ámbito da acuicultura, así como *Acuicultura Galega e Calidade Medioambiental*, que se desenvolverá dentro das xornadas técnicas de ACUI 2010 co obxectivo de salientar, non só a calidade intrínseca do produtos acuícolas senón tamén a calidade ambiental das plantas de produción acuícolas e o estrito cumprimento das diferentes normativas exixibles.

Tamén se prevén xornadas de promoción da acuicultura para debater sobre a calidade dos produtos e *Acuinet*, a rede social deseñada co obxecto de conseguir que todos os interesados na acuicultura galega dispoñan dunha ferramenta para iniciar, desenvolver proxectos ou intercambiar experiencias, sacando o máximo partido á potencialidade de traballar na rede. Estas dúas actuacións levaríanse a cabo entre outubro e decembro de 2009, antes da celebración do evento.

Segundo este acordo, a Consellería do Mar achegará 116.000 euros distribuídos en dúas anualidades, de xeito que 58.000 euros serán para o actual exercicio e os 58.000 restantes para o ano que vén. A vixencia deste convenio estenderase desde a súa sinatura ata o 30 de abril de 2010.

O financiamento das accións obxecto deste convenio constitúen un investimento de interese público, social e económico, xa que ACUI 2010 representa, pola repercusión que ten no ámbito nacional e internacional, unha oportunidade inmejorable para a promoción dos produtos da pesca e da acuicultura.

A celebración de ACUI 2010 constituirá o escaparate axeitado de promoción dos produtos relacionados coa acuicultura, un dos máis importantes da industria galega, e este convenio servirá ademais para acadar unha maior conciencia e sensibilidade sobre o mundo do mar, potenciando o seu afianzamento como marco creador de emprego e o seu desenvolvemento socioeconómico.

O TRIBUNAL CONSTITUCIONAL DÁ A RAZÓN A GALICIA E ANULA VARIOS ARTIGOS DO DECRETO ESTATAL DE MODERNIZACIÓN DE DESTINOS TURÍSTICOS

- *O Alto Tribunal entende que a titularidade da competencia para regular as liñas de financiamento corresponde a Galicia*
- *A Xunta buscará o consenso co Estado para solucionar a situación xerada como consecuencia da sentenza*

O Tribunal Constitucional emitiu unha sentenza en que dá a razón á Xunta de Galicia e declara a nulidade de 15 artigos do decreto estatal que regula a iniciativa de modernización de destinos turísticos maduros, ao entender o Alto Tribunal que a competencia afectada polo texto normativo corresponde á Comunidade Autónoma galega.

O conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, Alfonso Rueda, deu conta hoxe ao Consello da Xunta do contido da Sentenza do TC, do 28 de setembro de 2009, que determina que corresponde a Galicia a titularidade da competencia para regular as liñas de financiamento na modernización de destinos turísticos.

O Real decreto do Estado 1916/2008 tiña por obxecto apoiar a iniciativa de modernización de destinos turísticos maduros a través de tres modalidades de financiamento con cargo ao Fondo Financeiro do Estado para a modernización das infraestruturas turísticas (Fomit), que sería xestionado pola Secretaría de Estado de Turismo e administrado polo Instituto de Crédito Oficial.

O pasado 26 de febreiro o Consello da Xunta acordou requirir de incompetencia o Estado para que modificase o decreto e recoñecese que a citada competencia corresponde á Comunidade Autónoma de Galicia, en virtude do Estatuto de autonomía, no cal Galicia asumiu como competencia exclusiva a “promoción e ordenación do turismo dentro da comunidade”.

O Consello de Ministros do 27 de marzo de 2009 decidiu manter a redacción do decreto e rexeitou todas as argumentacións do requirimento da Xunta, polo que o Goberno galego acordou, na súa xuntanza do 8 de abril de 2009, interpoñer un conflito positivo de competencias perante o Tribunal Constitucional, que agora lle deu a razón á Xunta.

Efectos da sentenza

A sentenza declara a nulidade de numerosos preceptos e esta esténdese ás convocatorias efectuadas no marco do decreto: a Resolución do 15 de abril, do

Instituto de Turismo de España, pola que se convoca a liña de axudas para actividades complementarias aos plans de excelencia, dinamización e competitividade do produto turístico; e a Resolución do 8 de xullo, da Secretaría de Estado de Turismo, pola que se procede á apertura da convocatoria da liña de financiamento con cargo ao Fomit.

Polo tanto, son as comunidades autónomas as que deben regular ou desenvolver a convocatoria de axudas, tendo en conta as bases ditadas polo Estado no exercicio das súas competencias e que foron declaradas polo Tribunal Constitucional como respectuosas coa repartición competencial.

Así, as solucións á situación xerada como consecuencia da sentenza poden ser varias e deben ser consensuadas co Estado. En primeiro termo, e tras a anulación da convocatoria, corresponde convocar as axudas e abrir un novo prazo para presentaren solicitudes os interesados, pero conservando as presentadas ata o de agora con base na convocatoria anulada, para non prexudicar os solicitantes.

En segundo termo, cómpre territorializar os fondos por comunidades autónomas conforme a criterios obxectivos na Conferencia Sectorial de Turismo, sen prexuízo de calquera outra solución xuridicamente viable que adopte o Estado en colaboración coas comunidades autónomas.

A ESCOLA GALEGA DE SAÚDE PARA CIDADÁNS SERÁ UN LUGAR DE ENCONTRO PARA COMPARTIR EXPERIENCIAS QUE GUÍEN OS PACIENTES NOS PROCESOS DE ENFERMIDADE

- *A conselleira de Sanidade informou os membros do Consello da súa creación*
- *Proverá información, formación, habilidades e coñecementos a familiares, pacientes e poboación xeral para mellorar a súa calidade de vida*
- *Facilitará o coñecemento do funcionamento dos servizos sanitarios para conseguir un uso eficiente deles*

A conselleira de Sanidade e presidenta do Servizo Galego de Saúde, Pilar Farjas Abadía, informou hoxe os membros do Consello da Xunta da creación da Escola Galega de Saúde para Cidadáns, que é unha rede de xestión de coñecemento entre profesionais, pacientes, cidadáns, xestores sanitarios e expertos en procesos de saúde e de enfermidade. É, ademais, un lugar de encontro onde verter e compartir experiencias que axuden e guíen as persoas nos procesos de enfermidade e na promoción da saúde.

Esta Escola xestiónase e forma parte da estratexia da Fundación Escola Galega de Administración Sanitaria (Fegas), que conta cunha ampla rede de profesionais e formadores expertos. A súa misión é prover información, formación, habilidades e coñecementos para mellorar a calidade de vida e potenciar a participación segura nas decisións sobre a súa enfermidade, ademais de facilitar o coñecemento do funcionamento dos servizos sanitarios para conseguir un uso eficiente deles.

Preténdese, a través dela, xerar unha rede autonómica de pacientes, cidadáns e profesionais sanitarios que acheguen o seu coñecemento para axudar e formar outras persoas na mesma situación clínica; que favoreza a participación cidadá na mellora do sistema de saúde, e que facilite a información necesaria para mellorar a seguridade de pacientes.

As actividades que realizará a Escola serán diversas -cursos, obradoiros, seminarios, foros, conferencias, grupos de traballo, etc.- e poderán realizarse na sede da Fegas ou ben, de forma descentralizada, nas diferentes áreas sanitarias co fin de facilitar a accesibilidade a todas as persoas que desexen participar.

Ademais, a Fegas poderá realizar actividades de forma presencial ou telemática, utilizando a súa plataforma virtual na cal se desenvolverá un portal específico para a Escola Galega de Saúde para Cidadáns. Os equipos docentes estarán compostos por expertos -médicos, enfermeiros, psicólogos, farmacéuticos e outros profesionais da saúde-, así como os propios pacientes e cidadáns.

